

A verdade de Prisciliano

Victorino Pérez presenta o seu estudo sobre o histórico herexe

A figura de Prisciliano rodeouse durante séculos dunha néboa de misterio e segredo. A súa pegada, a súa filosofía e os seus enigmas fóronse convertendo en parte da identidade galega. Coñecedor desta realidade, o teólogo Victorino Pérez Prieto realiza en *Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario* un achegamento científico á figura histórica de Prisciliano.

As ansias de investigar o perfil de Prisciliano levaron o teólogo a realizar un gran proceso de investigación para analizar e documentar amplamente a presenza do coñecido bispo herexe. Victorino Pérez Prieto céntrase especialmente no século XIX. Deste xeito, o autor do libro converte en súa a frase de Otero Pedrayo de que “Prisciliano é a maior personalidade que Galicia xerou, foi do seu tempo e aínda máis profundamente do seu pobo”. Partindo desa idea defendida por Pedrayo, o teólogo viaxa ao pasado poñendo luz no escurantismo que durante séculos rodeou a Prisciliano como un manto de silencio.

Pérez Prieto consegue na súa última obra manifestar, case exhaustivamente, o peso e a importancia de Prisciliano na cultura galega, sobre todo dende hai dous séculos até os nosos días. Resulta moi destacable a pegada que deixou a figura do mártir de Tréveris en diversos intelectuais galegos. Ademais do xa citado Ramón Otero Pedrayo, outros moitos foron os que se referiron ao herexe axustizado no ano 385. Así, Castelao, Portela Valladares ou Méndez Ferrín amosaron o seu interese sobre un Prisciliano que sempre estivo en terra de ninguén, nesa dura fronteira que separa a historia das lendas que a rodean.

Pérez Prieto mergúllase nesta obra na visión histórica da personaxe para continuar así a súa carreira literaria. O autor, nacido en León en 1954, é teólogo e especialista en interculturalidade e interrelixiosidade. Actualmente imparte clases na Universidade de Santiago de Compostela e na Coruña. Dirixiu a revista *Irimia*. Entre os seus numerosos libros publicados, destacan os seus estudos titulados *A xeración Nós. Galeguismo e relixión* (1988), *Galegos e cristiáns. Deus Fratreque Gallaeciae* (1995) *Do teu verdor cinguido. Ecoloxismo e cristianismo* (1997).